



ANPA "RASA"
C.E.I.P. RAMÓN DE LA SAGRA

Información
presencial martes
09:00 a 10:30 y 16:15 a 17:45h
tfno. 615 512 306

HYPERLINK
"<http://ramon-de-la-sagra.webnode.es>"
<http://ramon-de-la-sagra.webnode.es>
anparamondelasagra@gmail.com

NORMAS MADRUGADORES E COMEDOR

1) HORARIO

- O comedor comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
- O ser necesario máis dunha quenda de comida, os nenos entraran sempre comezando polos alumnos de Educación Infantil.
- O horario de madrugadores vai das 7:30 ás 9:00 horas
- O horario de comedor esténdese das 14:00 ás 16:00 horas. Durante ese tempo o recinto escolar permanecerá pechado. Nos primeiros días de curso se comunicará ao coordinador a quenda de saída dos nenos, así como os cambios que se establezan nela. Existen dúas quendas de saída: 15:15 e 15:45 horas. Entre ambas as dúas quendas non se poderá recoller ós nenos.

2) PROCEDEMENTOS DE INSCRICIÓN, BAIXA E MODIFICACIÓNS DE SERVIZO. DOCUMENTACIÓN E PAGO.

A) INSCRICIÓN

- A **inscrición** terá carácter anual e poderán incorporarse alumnos durante o curso. A **inscrición** deberá formalizarse no período indicado pola ANPA e será necesario entregar o formulario da empresa **debidamente** cumprimentado nos lugares indicados.

B) BAIXAS E MODIFICACIÓN

- As **baixas** voluntarias e as **modificacións** deberán formalizarse entregando os formularios da empresa nos lugares indicados pola ANPA antes do día 26 do mes anterior ao que tiveran que facer efecto.
- Baixas **de oficio**: dado que o comedor escolar é un servizo complementario non obrigatorio e organizado pola Anpa, a Xunta Directiva da mesma poderá decidir directamente sobre a baixa dalgún alumno/a ante o reiterado incumprimento destas normas.

C) DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Para a reserva de praza ou solicitude de praza comedor ou madrugadores (inscrición) no modelo da empresa contratada
- Para a modificación ou baixa do servizo de comedor ou madrugadores no modelo da empresa contratada
- Para a solicitude dunha dieta especial por prescrición médica no modelo da empresa contratada
- **Se existise** algún tipo de indicación específica sobre as persoas que poden facerse cargo do alumno tras a utilización deste servizo ou ben se vai a recoller o neno outra persoa que non sexa a habitual, a familia deberá presentar **autorización expresa** á persoa responsable do comedor coa suficiente antelación.
- É responsabilidade dos pais/nais/titores dar a información axeitada e completa para xestionar o servizo de comedor (alergias, autorizacións, quen debe ser informado legalmente, etc.)

D) PAGO

- Farase por adiantado e mediante domiciliación bancaria a principio de mes por parte da empresa de 'catering' responsable, salvo os usuarios esporádicos que aboarán o importe o mesmo día da utilización do servizo nun sobre co nome do alumno. Ademais cobrarase un importe en concepto de "seguro de comedor" xunto coa primeira mensuralidade (4,00 €). O incumprimento continuado do pagamento determinará, previa comunicación ós pais do usuario, a perda do dereito ó servizo de comedor.

3) O PERSOAL DO COMEDOR

a) A **misión** fundamental do persoal do comedor é atender ós nenos, educalos axudándolles a adquirir hábitos posturais, de alimentación e de hixiene correctos. É fundamental que as familias apoiem esta labor cando os pequenos coman nas súas casas.

b) As **funcións principais do persoal do comedor será:**

- **Estimular**, favorecer e coordinar hábitos correctos de **alimentación, hixiene e comportamento** establecendo as pautas dos comensais: lavado de mans antes do xantar, entrada organizada no comedor, como se sentan, como se serven, cando se levantan, aseo despois do xantar, etc.
- **Establecer** un ambiente de respecto entre os comensais e co persoal.
- **Impoñer as sancións** necesarias ante casos leves de incumprimento deste regulamento.
- **Vixiar**, tanto no tempo de hixiene coma no tempo de permanencia no comedor ou no tempo posterior de lecer, acompañando en todo momento ós nenos/as e guiando o correcto uso das instalacións e fomentando a cooperación, o respecto ás persoas e á natureza.
- **Educar** ós comensais nas normas básicas de **comportamento na mesa:**
 1. Non se porán os cúbados na mesa
 2. Non se falará coa boca chea
 3. Mastigarase coa boca pechada e sen facer ruído
 4. Non se beberá antes de ter tragado a comida
 5. Antes de beber limparémonos a boca co pano de mesa
 6. Non se utilizarán cubertos ou alimentos que teñan caído ó chan
 7. Utilizaranse correctamente os cubertos:
 - Non se empuñarán nin se xesticulará con eles
 - Non se fará ruído golpeando cos cubertos os pratos, vasos, ...
 - Non se levará o coitelo nin a pala do pescado á boca
 - Ao rematar de xantar colocaranse sobre o prato
 - pan individual non debe cortarse co coitelo
 - En ningún caso se poderá xantar coas mans
- **Marcar as directrices** de utilización dos espazos das actividades lúdicas, inclusive as zonas do patio que se van utilizar para as actividades de lecer tras o xantar. Velando para que o recinto permaneza pechado durante o servizo.
- **Relacionarse** cos membros da xunta directiva da Anpa, coas familias dos usuarios do servizo e co equipo directivo do centro segundo os protocolos establecidos pola Asociación de pais.
- **Asistir** e acompañar ós comensais enfermos ou accidentados mesmo no seu traslado a un centro hospitalario se fose preciso, permanecendo en contacto coa familia ata que esta se faga cargo do menor. Compre que os pais inclúan no impreso de solicitude un número de teléfono que atendan en horario de comedor.
- No caso de que os pais precisen contactar urxentemente cos monitores no horario de comedor poden chamar o telefono de contacto que figura no modelo de inscrición da empresa.

c) O persoal de comedor non pode ser interrompido/distraído/desviado das súas funcións sen xustificación mentres dura o Servizo de Comedor i é motivo de expulsión (temporal ou permanente) do servizo de comedor en caso de que a ANPA así o decida.

4) OS USUARIOS DO COMEDOR

- a) **Os comensais** que utilicen o servizo deberán valerse por si mesmos durante o tempo de comedor, agás os de NEE. Así mesmo os de máis curta idade deberán controlar os esfínteres; se producise algún incidente neste sentido avisarase aos pais do neno/a para que poidan acudir ao centro a resolvelo.
- b) **Se un día** determinado non se vai facer uso do comedor cómpre avisar previamente mediante unha nota ó profesor ou chamando o telefono do comedor que aparece na folla de inscrición.
- c) **Os alumnos** deberán encontrarse ben de saúde, pois se trata dun servizo con alto risco de contaxios.
- d) **Hai** que tomar precaucións cos **medicamentos**: deberá organizarse o horario da súa administración de forma que non coincida co do comedor escolar. O persoal do comedor teñen totalmente prohibido dar medicamentos.
- e) **Os alumnos** de infantil deberán traer un neceser con cepillo e pasta dentífrica marcados co seu nome; o cambio de cepillo e a renovación da pasta terá lugar cada trimestre (**en xaneiro e despois de Semana Santa**). Os alumnos de primaria levarán o cepillo e a pasta cada día na súa bolsa da merenda ou mochila. Tamén deben traer un gorro ou viseira marcada co seu nome para utilizar no patio os días de sol, poden deixala no comedor ou levala cada día na bolsa da merenda ou mochila.
- f) **Cada** inicio de curso se establecerán as **directrices** de como chegarán os alumnos/as ás dependencias do comedor, quen os levará ata alí, onde os recollerán, a partir de que momento estarán a cargo do persoal do comedor, etc.
- g) **En cada** xornada, antes de poñerse a xantar, os usuarios serán acompañados polos monitores para que se laven as mans e usar os urinarios se fose necesario. Así mesmo despois do xantar repetirase o proceso para a limpeza dos dentes.
- h) **Entrarán** nas dependencias onde se desenvolva este servizo na orde establecida polo persoal, sen gritar nin correr nin empurrar ós compañeiros. Permanecerán debidamente sentados nas súas cadeiras, sen xogar ou abanearse nelas.
- i) **Durante** o xantar manterase un **ton de voz baixo** e nunca se poderá **berrar**. Levantarase a man para captar a atención do monitor e esperárase a que este poida atender ao neno/a, calquera que sexa a súa petición. En ningún caso se levantarán antes de ter o permiso do monitor.
- j) **Tratarase** sempre con respecto ós compañeiros/as e se lles axudará de maneira especial se son pequenos ou sofren algún tipo de discapacidade.
- k) **Comerase** de todos os alimentos que se sirvan, aínda que só sexa un pouco de cada un de eles.
- l) Todos os usuarios colaborarán despois de comer recollendo a menaxe do comedor e colocando de forma ordenada as mesas e as cadeiras.
- m) **Deixarase** o comedor na orde establecida polo monitor, sen gritar nin correr nin empurrar.
- n) **Durante** o tempo de lecer, despois do xantar, os usuarios nunca sairán do recinto escolar. Estarán cos seus monitores xogando ou facendo actividades lúdicas: xogos, concursos, teatro, ... procurando evitar a actividade física forte para non interromper a dixestión da comida.
- o) **O servizo** de comedor non se fará responsable das perdas ou extravíos de obxectos pertencentes ós usuarios.

O persoal que desenrola as súas funcións no tempo de comedor forma parte da comunidade educativa e se lles debe absoluto respecto. O incumprimento dalgunha norma podería derivar na correspondente chamada de atención ó usuario por parte dos monitores. Cando se produza a terceira chamada de atención ou incumprimento grave, o monitor comunicará o caso á **Xunta Directiva do Anpa** para que esta remita un escrito aos pais informándolles do mal comportamento do alumno. Si esta situación continúa remitirase o caso á **Dirección do Centro** para a aplicación das sancións correspondentes de acordo coas directrices marcadas polo **Proxecto**

Educativo do Centro, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011) e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve (DOG 27/01/2015).

p) Esta normativa é aplicable tamén ó servizo de madrugadores entre as 7:30 e as 9:00 horas.

5) FALTAS E SANCIÓNS

Independentemente das sancións descritas, para cada caso terase en conta as circunstancias particulares do que aconteceu. A seguinte é una guía aproximativa.

Faltas leves:

1. Desobedecer levemente as indicacións do Persoal de Cocina e Comedor.
2. Non lavarse as mans ou dentes.
3. Entrar ou saír do Comedor desordenadamente.
4. Entrar no Comedor con obxectos non permitidos
5. Cambiarse de sitio sen permiso (na mesma mesa)
6. Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios (cubertos, pano de mesas ...)
7. Permanecer mal sentados ou columpiarse na sela.
8. Facer ruído, gritar...
9. Calquera outra conduta que afecte levemente o respecto, a integridade ou saúde das persoas

Sancións:

1. Amoestación verbal ó alumno. No caso dunha segunda falta leve nun período curto (ex. na mesma semana), sempre se comunicará por escrito aos pais, nais ou titores
2. Separación temporal (ata 3 días) do grupo de referencia (ou mesa de comedor) e integración en outro.
3. Pérdida do dereito a participar en xogos ou actividades de ocio.
4. Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo Persoal de Comedor, Enlace Educativo ou ANPA

Faltas graves

1. Acumulación de (polo menos 3) faltas leves en períodos curtos.
2. Desobedecer gravemente as indicacións do Persoal de Cociña e Comedor
3. Cambiarse de sitio (a outra mesa con pequenos)
4. Levantarse do sitio sen causa xustificada.
5. Saír do Comedor sen permiso da Monitora
6. Entrar na cociña ou zona de rexeneración de comida ou calquera acción que afecte ó servizo de comedor.
7. Deteriorar a propósito o material propio de Comedor.
8. Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
9. Insultar ou faltar gravemente o respecto a un compañeiro ou monitor
10. Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sancións:

Calquera das contempladas para as faltas leves. Ademais:

1. Amoestación por escrito ao alumno. Comunicación ós pais.
2. Separación indefinida do grupo de referencia ou da súa mesa de Comedor.
3. Comer illado dos compañeiros (ata 5 días)
4. Expulsión temporal do Comedor (ata 5 días)

Estas sancións poderán ser impostas polo equipo directivo do centro ou ANPA e serán comunicadas aos pais.

Faltas moi graves

1. Acumulación (polo menos 3) de faltas graves.
2. Saír do Centro sen permiso durante o horario de Comedor.
3. Agredir a un compañeiro ou monitor.
4. Calquera outra conduta que afecte moi gravemente o respecto, a integridade ou a saúde das persoas.

Sancións:

Calquera das contempladas para as faltas graves. Ademais:

1. Expulsión temporal do comedor (ata 1 mes).

2. Expulsión definitiva do Comedor. Esta última sanción poderá ser imposta pola ANPA ou o equipo directivo do centro, previa audiencia aos pais. Esta sanción tomarase prioritariamente en caso de reiteración de falta moi grave, pero dependendo da falta, podería aplicarse sen acumulación.